


RECUPERA CON NOS AS ARBORES DE SEMPRE



Organizan:



Xornadas de Meio Ambiente

Sociedade - Economia e Meio Ambiente

- ✓ Xestión de resíduos Urbanos
- ✓ Impostos verdes
- ✓ Conservación de espazos naturais
- ✓ Auga
- ✓ Enerxías Renovábeis
- ✓ Tecnoloxías limpas
- ✓ Agricultura biolóxica

5 - 8 de Novembro • A. Coruña
Facultades de Socioloxia, (Campus de Riazor)
e Económicas (Campus da Zapateira)


A conservación do medio ambiente toma cada vez maior interese, debido tanto ao grande impacto das economías desenrolistas das últimas décadas como a búsqueda dunha calidade de vida que xa non é tal sen unha natureza saudábel.

A información, o coñecemento e debate son pois imprescindíbeis. Velai o principal obxectivo destas Xornadas, declaradas de Interese Ambiental pola Xunta de Galicia. ■

Galicia xa ten 800 acivros más. Coa Campaña que iniciamos o ano pasado, 800 acivros foron xa plantados por xentes conscientes da necesidade de potenciar as nosas especies autóctonas e amortiguar, en certa medida, o estado de franco abandono no que se atopan.

Este ano, ademais do **acivro**, queremos espallar pola nosa xeografía outra espacie seriamente ameazada: o **teixo**, árbore noutro tempo abondosa nas fragas, nos eidos ou xardíns, e que deixou fonda impronta na nosa cultura.

Colabora con ADEGA plantando, ou aconsellando plantar, acivros e teixos a quem teña posibilidade de facelo.



Tf. de contacto: 981-570099 (ADEGA). Diferentes prezos en función da especie e do tamaño.

PLANTAS AUTOCTONAS

VIVEIRO BERGANTIÑOS produce e vende plantas autóctonas de diferentes especies e tamaños, tanto árbores (carballo, freixo, pradairo, castiñeiro...) coma herbas aromáticas (romeu, tomelo, sálvia...).

Interesados/as poden contactar con VIVEIRO BERGANTIÑOS na estrada Anide-Anzobre, Km.2 - Armentón (Arteixo) ou nos Tfs.(981)640879/600215.